

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		A folga de transporte paraliza o mercado do porco cebado: Todos os axentes coincidiron hoxe en salientar o escaso movemento na presente semana motivado pola folga de transporte; mais a produción non cede e tenta tirar á alza das cotizacións mentras poida, nunha época estacional na que as cotizacións rexistran as maiores alzas ata situarse cara finais de mes nos seus máximos anuais. Mais, haberá que ter en conta os efectos (en forma de atrasos e pesos) da folga sobre o mercado do cebo, polo que a xestión destes días de inactividade se pagará nas vindeiras semanas, aínda que se agarda que non se transmita en exceso ás cotizacións futuras.
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,550	+0,04	<p>Situación do mercado: Os pesos rexistran por cuarta semana consecutiva variacións claras á baixa, polo que a redución da oferta comeza a ser unha realidade. As cotizacións seguen no fondo do ranking Europeo polo que hai marxe para as transaccións intracomunitaria. Mais aínda sendo as previsións positivas, haberá que ter en conta: 1º O consumo interior da "vella" Europa non tira como debera polo que as subas do vivo non poden transmitirse na súa totalidade á carne; 2º A desaceleración económica mundial ademais de ter efectos sobre o consumo interior tamén os ten sobre do turismo (factor clave para as cotizacións do porco no verán); 3º E a curto prazo a xestión das matanzas e saídas pode verse afectada pola posible folga no transporte.</p>
SELECTO	1,305	+0,04	
NORMAL	1,280	+0,04	
CASTRADO	1,405	+0,04	
CANAL II	1,662	+0,052	
DESVELLE	0,70/0,76	0,00	

Por erro, na pasada semana publicamos unha cotización para o castrado de 1,315 € cando debería ser de 1,365 €

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS			Terceira semana sen cotización no mercado dos bacoriños. Os axentes participantes na Lonxa Agropecuaria de Galicia decidiron na pasada semana deixar sen cotización ao bacoriño ao situarse este por baixo do limiar dos 25 €, que tiñan prefixado xa con anterioridade para deixalo sen prezo. Así, e mentras que non se acaden cotizacións razoables permanecerán sen cotizar.
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	S/C	S/C	--	<p>A situación é análoga ás últimas semana non albiscándose ningún troco que faga prever unhas inmediatas cotizacións en táboa; as perspectivas pesimistas que desperta o prezo do cebo en setembro, xunto coas perdas acumuladas que leva o cebadoiro dende setembro do pasado ano cortan calquer marxe de manobra. Para que se dea un verdadeiro troco na situación do mercado terían que experimentarse alzas sustentables no cebo nas vindeiras semanas, permitindo mellorar as expectativas de mercado cara os vindeiros meses, de xeito que faga reactivar claramente a unha demanda que de momento está claramente sobreabastecida.</p>
NORMAL	S/C	S/C	--	

OVOS

CLASE	EUROS				Incremento xeralizado en todas as gramaxes dos ovos. Troco de tendencia nun mercado do ovo que se reactiva, polo que a situación de sobranse nun mercado con sintoma de cansancio parece quedar atrás e as baixas nas cotizacións de semana anteriores parecen que reactivaron moi lixeiramente a demanda. O que si trocou foi a tendencia da oferta, que se recurtou no presente ano (as reposición de polas durante o 2008 foron as máis baixas dos últimos anos, cun censo de galiñas poñedoras que ven descendendo nos últimos catro anos). Estabilidade no mercado e previsións de lixeiras alzas.
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,50	+0,02	1,50	+0,02	
L	1,18	+0,02	1,18	+0,02	
M	1,06	+0,02	1,06	+0,02	
S	0,83	+0,02	0,83	+0,02	

GALIÑAS DE DESVELLE

SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	EUROS		Sexta semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas: A situación é análoga á semana pasada onde se destaca unha lixeira redución na oferta, cun mercado máis equilibrado. É precisamente nestas datas cando as cotizacións repuntan lixeiramente mais no presente ano, e tendo en conta o alto nivel das cotizacións, pouco percorrido á alza poderá quedar. As cotizacións son un 68% superiores ás de hai un ano.
	KG.	DIF	
	0,25/0,37	0,00	

COELLO

GRANXA EN VIVO	EUROS		Situación moi delicada. A situación no mercado Cunícola complica extremadamente; e a dualidade no mercado Estatal traduciuse nesta semana nas cotizacións: a estabilidade márcase unha semana máis no mercado Catalán, onde se recurtou claramente a oferta; porén, en Galicia o recurte na oferta non parece significativo cuantitativamente. E o consumo está paralizado, o que dificulta que se realicen as transaccións. Moitos meses leva a produción por baixo de custos e a situación no matadoiro tamén se complica.
	KG.	DIF	
NOVO	1,34	-0,25	